

A resolución reitoral do 19 de xuño de 2012 polo que se publica a convocatoria xeral de matrícula para o curso 2012-2013 establece como prazo de matrícula para a obtención do grao de licenciatura (modalidade de exame) do 3 ao 5 de outubro.

Tendo en conta a programación académica da materia "Estancias" dos estudos conducentes á titulación de Licenciado en Veterinaria e a petición da propia Facultade, é necesario ampliar excepcionalmente o prazo de matrícula para a obtención do grao de licenciatura de veterinaria (modalidade de exame) co fin de que os alumnos inscritos na quenda de xullo na devandita materia non se vexan prexudicados.

É por iso que, este reitorado **RESOLVE**:

ÚNICO.- Ampliar o prazo de matrícula para a obtención do grao de licenciatura de Veterinaria (modalidade examen) e, en consecuencia, modificar o Anexo I da Resolución Reitoral do 19 de xuño de 2012 pola que se publica a convocatoria xeral de matrícula para o curso 2012-2013 incluíndo, no apartado:

"MATRÍCULA PARA A COLACIÓN DO GRAO" dentro do epígrafe :

"G. CALENDARIO DOUTROS ESTUDOS E ACTOS ACADÉMICOS", o seguinte texto:

F. Veterinaria (modalidade exame)	Do 3 ao 31 de outubro
-----------------------------------	-----------------------

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2012

O Reitor

(P.D. 17/09/2012)

O vicerreitor de Investigación e Innovación

Francisco González García



SECRETARÍA FERAL
SR.DECANO FACULTADE DE VETERINARIA
XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA
DIRECTOR DA ÁREA DE TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DAS COMUNICACIÓNS (ATIC)
DIRECTORA DA OFICINA DE INFORMACIÓN UNIVERSITARIA
XEFE DA UNIDADE DE XESTIÓN ACADÉMICA (CAMPUS DE LUGO)

SAL. 008881.21.09.12 11:11